



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONOMICA DA S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO DE BURGOS.

PRIMEIRO.-

1.- Constitúe o obxecto da Sociedade, entre outras as seguintes actividades

- As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
- A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeá, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.

A S. A. de Xestión do Plan Xacobeo considera esencial e imprescindible o labor das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en orde a potenciar os itinerarios xacobeos, a información aos peregrinos, os programas de voluntariado como hospitaleiros nos albergues, a promoción da cultura xacobeá e todo aquilo que redunde en beneficio do Camiño de Santiago e dos peregrinos.

O Camiño de Santiago reúne unha rica experiencia histórica e a vivencia intercultural contemporánea nun excepcional escenario natural, patrimonial e humano. Ao longo dos séculos o Camiño de Santiago consolidou unha amplísima rede de itinerarios que abrangue toda Europa e España e que ten como meta a Catedral de Santiago de Compostela, en definitiva Galicia.

Que a Asociación Amigos del Camino de Santiago de Burgos ten entre os seus fins:

- Integrar a cantas persoas estean interesadas na conservación, defensa e promoción do Camiño de Santiago, sen outros límites que os establecidos pola Lei.
- Fomentar a peregrinación tradicional a Santiago de Compostela, seguindo o Camiño medieval.
- Fomentar a conservación, defensa e promoción do Camiño de Santiago.

Entre as diversas actuacións que promoven está a información e apoio aos peregrinos que dende calquera parte cheguen a Burgos camiño de Santiago de Compostela; promoción e realización de estudos e investigacións sobre o Camiño de Santiago e a súa contorna así como todo tipo de actividades culturais; actúan diante de organismos, institucións, entidades e persoas, tanto públicas como privadas, en orde á defensa e conservación do patrimonio cultural do Camiño de Santiago, etc.

A Asociación de Amigos del Camino de Santiago de Burgos leva adiante a súa finalidade de divulgación, defensa e promoción do Camiño de Santiago mediante a edición da revista "Hito", que conta cunha tirada de 850 exemplares que se distribúe gratuitamente entre os socios e colaboradores desta Asociación



Esta publicación é tamén distribuída entre o resto de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago españolas e estranxeiras, e tamén é distribuída de balde polos albergues de peregrinos das provincia de Burgos, Palencia e La Rioja.

Esta publicación ten como obxectivo informar a todos os socios e amantes do Camiño de Santiago das noticias relacionadas coa Asociación burgalesa. Igualmente para dar cumprimento ás finalidades da asociación esta revista “Hito” divulga, defende, promove e fomenta o Camiño de Santiago mediante artigos, traballos literarios e científicos, reseñas e opinións de colaboradores.

Con esta publicación a Asociación, pretende unha maior visualización do Camiño e da cultura xacobeas, en consecuencia, de Galicia, pois o Camiño de Santiago é un conxunto de itinerarios históricos de impacto cultural e económico de primeiro orde cuxa meta, en todos os casos, é Galicia. Polo tanto estas actividades fomentarán o propio Camiño e a súa difusión.

A colaboración iniciada no ano 1992 pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para a difusión das rutas xacobeas coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, instaladas tanto dentro coma fóra do territorio galego converteuse, co paso dos anos, nunha ferramenta imprescindible para fomentar a chegada de peregrinos que, á súa vez, impulsan o desenvolvemento económico e social de Galicia. Estas entidades son as principais prescriptoras e informadoras dos futuros peregrinos, distribuindo cada ano, nos cinco continentes, milleiros de credenciais, folletos informativos, etc., que teñen en todos os casos a Galicia como meta. Como é fácil comprobar en decenas de webs e redes sociais realizan estas accións sen custe para a nosa Comunidade Autónoma, maila concentrarse aquí os tramos finais de todas as vías xacobeas e a meta das mesmas.

Manter esta colaboración coas Asociacións do exterior de Galicia é fundamental para asegurar o fluxo de peregrinos xa que o espazo físico do Camiño, tanto na historia como no presente, ten unha dimensión que transcende o ámbito galego, español e europeo. Así queda acreditado no número de peregrinos que cada ano acoden a Compostela.

Por todo o descrito, as referidas actuacións que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia deste Convenio, encaixan no marco das relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago que ten encomendadas esta Sociedade Anónima, non sendo posible promover a concorrência pública, dada a especificidade do programa e a natureza da Asociación única no seu ámbito territorial.

Ademais este convenio cumpre cos criterios obxectivos de selección sinalados no Plan Estratégico, en concreto:

a/ criterios xerais



- É un proxecto tecnicamente completo, pois a documentación que se achega xustifica suficientemente a súa formulación.
- O proxecto é viable, tanto en termos de execución económica como social.
- Realízase a difusión e promoción do Camiño de Santiago
- Se contempla a difusión dos resultados acadados ante a opinión pública, contribuíndo deste xeito ao labor de sensibilización ao redor do Camiño de Santiago.
- A Asociación conta cunha ampla experiencia que garante a súa capacidade técnica, organizativa e de xestión para levar a cabo o proxecto a realizar.
- O apoio a esta Asociación redunda de maneira efectiva na conservación, recuperación e difusión do Camiño de Santiago e da cultura xacobeá especialmente na provincia de Burgos
- Este colectivo realiza un meritorio labor arredor do Camiño francés, salientando especialmente o seu labor na xestión do albergue municipal de Burgos, o coñecido como "Hospital de El Rei".

b/ criterios específicos:

- A Asociación de Amigos del Camino de Santiago de Burgos posúe un número socios en torno ás 700 de persoas espalladas por ese territorio.
- A implantación da Asociación no territorio da provincia Burgos está moi consolidada. O seu labor de conservación e sinalización do Camiño nese territorio é amplamente recoñecido.
- Esta Asociación co seu amplo labor e coas súas numerosas actividades, especialmente coa edición desta revista "Hito", contribúe notablemente ao incremento do fluxo de peregrinos desa provincia e por extensión da Comunidade Autónoma de Castela e León, que ocupa un dos primeiros lugares de afluencia e peregrinos é cómpre manter.

O orzamento da actividade a financiar ao abeiro deste convenio é o seguinte:

Concepto	Importe
Edición de dous números da revista "Hito"	6.000,00
Total	6.000,00

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo aboará a cantidade de 3.000 euros coa finalidade de ser atendidos parte dos gastos xerados con cargo aos orzamentos do ano 2016 e na conta contable 627 que se distribuirán segundo o exposto anteriormente. A achega so cubrirá o custe para o desenvolvemento das actividades sen que a Asociación poida obter beneficio algún polo mesmo.

A través deste convenio de colaboración establécese unha achega monetaria sen contraprestación da S.A de Xestión do Plan Xacobeo, o que se axusta á figura xurídica



privada da doazón modal e que debe suxeitar aos principios de xestión contidos no artigo 5.2 e aos de información a que fai referencia o artigo 16, ao abeiro do disposto no artigo 3.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, e como quedou exposto máis arriba, a subscripción deste convenio e a achega que con él se obriga a realizar a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo garda relación directa co obxecto da actividade contido nos seus estatutos.

En Santiago a 10 de outubro de 2016

Rafael Sánchez Bargiela
Director-Xerente